

# Enarborar bosque

Carballeira de Chaián



5 de xuño 2011

Convocatoria

CREADORES E CREADORAS, artistas plásticos, visuais, escritoras e escritores, músicos..., unídevos e participade nesta convocatoria, de creación ao aire libre:

5 de xuño, na carballeira de Chaián (Trazo-Santiago de Compostela), día mundial do medioambiente de 2011, declarado por la Asamblea General de Nacións Unidas como o “ano internacional dos bosques”.  
Dende as 10 da mañán. Traede o voso xantar.

Ao longo do día iremos creando as nosas obras (pinturas, poemas, esculturas, fotografías, performance...). Cara á última hora as obras plásticas formarán parte do espazo, convivindo o máxín coa natureza, poetas poderán recitar os versos creados e a música e o movemento deixarase sentir coma o vento entre as follas. Todo quedará recollido graficamente en fotografía e/ou video.  
Posteriormente as obras creadas poderán ser expostas en salas de exposicións.

..\*..

Este é un acto simbólico promovido por os artistas plásticos e visuais Deli Sánchez e os compoñentes do colectivo arTeu, Xacobe Meléndrez e Inma Doval,

## Manifesto “Enarborar o bosque”

Xuntámo-nos para facer un chamamento á valoración dos nosos bosques, reivindicamos a súa protección fronte á rapiña das talas abusivas realizadas por particulares, comunidades, institucións (concentracións parcelarias, falsas e excesivas limpezas, construción de infraestructuras...) e empresas madeiras, que con total impunidade talan árbores autóctonas moitas veces centenarias e senlleiras e as substitúen por outras especies como o eucalipto e o piñeiro, ou simplemente as deixan a monte, sen a aplicación do proxecto de reforestación preceptivo.

Ten acontecido repetidas veces nos últimos anos, unha longa lista que entristece e fire no cerne da nosa identidade: Cecebre (Cambre), Porqueira, Rairiz de Veiga, A Limia, Santa Eulalia de Mazoi, Ordes, Val Miñor, A Fervenza (O Corgo), Barrio de Abella, Carballeira de Faramontaos (Negueira de Ramuín), Carballeira de Rioxoán (Pol), Pintinidoira... violencia catastral consentida pola falla de vixilancia e vontade política para aplicar as medidas de protección disponibeis.

Defendemos as nosas árbores autóctonas: carballo, acivro, castiñeiro, teixo, cerquiño, bidueiro, faia, ameneiro, freixo, pradairo, sobreira, aciñeira... que na actualidade só ocupan un 25% do bosque fronte a especies foráneas como o eucalipto que a máis de deteriorar a nosa paisaxe, empobréce-nos (están-se a pagar a 32 €/tonelada no cargadoiro), favorece a propagación do lume...

Defendemos unha silvicultura racional e sostibel, onde se fagan valer os potenciais das madeiras nobeis cun manexo extractivo sustentábel que conserve a diversidade do bosque autóctono e tamén, como non, do tan importante sotobosque.

Esiximos a protección do noso bosque, a nosa paisaxe, a nosa vida!

Esta iniciativa está apoiada pola Federación Ecoloxista Galega (FEG) e ADEGA.